

INFORMACIÓN SOBRE A AVALIACIÓN PARA O CURSO 2020-2021

A avaliación dos niveis básico, intermedio e avanzado das ensinanzas de idiomas de réxime especial réxese polo Real Decreto 1/2019, de 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial; polo Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia; pola Circular 3/2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2020-2021; e pola Circular 8/19 pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2019-2020.

1. CURSOS NON TERMINAIS DE NIVEL (A1, B1.1, B2.1 e C1.1)

PROBA PARCIAL DE PROGRESO E PROBA FINAL DE PROMOCIÓN

Estas dúas probas serán elaboradas, administradas e corrixidas polo profesorado dos departamentos didácticos de acordo coas especificacións establecidas por cada un deles. Terán carácter unificado para cada un dos diferentes cursos e serán corrixidas polo profesor ou profesora correspondente.

A proba parcial de progreso realizarase ao finalizar o primeiro cuadrimestre, agás nos cursos intensivos, nos que se realizará no segundo mes de cada curso. En todos os cursos e niveis, terá unicamente valor orientador para o alumnado e servirá ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

A proba final de promoción realizarase en convocatoria ordinaria no mes de maio ou xuño, ou ao finalizar o correspondente cuadrimestre no caso dos cursos intensivos. A cualificación global desta proba final de promoción terá un valor porcentual do 100% respecto da cualificación final do curso.

Haberá unha convocatoria extraordinaria da proba final de promoción que se realizará no mes de setembro (no mes de xuño no caso dos cursos intensivos) na que o alumnado só terá que examinarse das partes non superadas na convocatoria ordinaria. Realizarase nos primeiros dez días de setembro e terá un valor do 100% para todo o alumnado.

Puntuación e cualificación

Nos cursos de **nivel A1**, tanto a proba parcial de progreso como a proba final de promoción terán un valor de 100 puntos e constarán de catro partes (comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos; e produción, coprodución e mediación escrita). Cada parte terá un valor de 25 puntos.

Para promocionar de curso dentro do mesmo nivel o alumnado terá que acadar, polo menos, 15 puntos en cada unha das catro actividades de lingua. O alumnado que na convocatoria ordinaria non acade o mínimo do 15 puntos en todas as actividades de lingua, deberá examinarse daquelas nas que non obtivera 15 puntos na convocatoria extraordinaria.

Nos cursos de **nivel B1.1, B2.1 e C1.1**, tanto a proba parcial de progreso como a proba final de promoción terán un valor de 125 puntos e constarán de cinco partes (comprensión de textos orais; comprensión de textos escritos; produción e coprodución de textos orais; produción e coprodución de textos escritos; e mediación). Cada parte terá un valor de 25 puntos.

Para promocionar de curso dentro do mesmo nivel o alumnado terá que acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada unha das actividades de lingua, e unha puntuación mínima do 65% da puntuación total da proba (81,25/125). O alumnado que non acade o mínimo do 65% (16.25/25) da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

En todos os cursos e niveis, o alumnado que non promocióne deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as actividades de lingua.

2. CURSOS TERMINAIS DE NIVEL (A2, B1, B2, C1 e C2)ⁱ

2.1. PROBA PARCIAL DE PROGRESO

A proba parcial de progreso será elaborada, administrada e corrixida polo profesorado dos departamentos didácticos, de acordo coas especificacións establecidas por cada departamento. Realizarase ao finalizar o primeiro cuatrimestre, agás nos cursos intensivos, nos que terá lugar ao remate da primeira metade do curso.

Puntuación e cualificación

Nos cursos de **nivel básico A2**, a proba parcial de progreso terá un valor de 100 puntos e constará de catro partes (comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos; e produción, coprodución e mediación escrita). Cada parte terá un valor de 25 puntos.

Nos cursos de **nivel B1, B2, C1 e C2**, a proba parcial de progreso terá un valor de 125 puntos e constará de cinco partes (comprensión de textos orais; produción e coprodución de textos orais; comprensión de textos escritos; produción e coprodución de textos escritos; e mediación). Cada parte valerá 25 puntos.

En todos os cursos e niveis, terá unicamente valor orientador para o alumnado e servirá ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

2.2. PROBAS TERMINAIS ESPECÍFICAS DE CERTIFICACIÓN

O alumnado matriculado nos cursos terminais de nivel realizará a finais do mes de maio ou durante o mes de xuño a proba terminal de certificación do nivel correspondente. Estas probas terminais específicas de certificación serán comúns para todas as modalidades e réximes de ensinanza en cada escola e permitirán o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior, e o nivel de competencia e o grao de dominio do idioma que se avalían nestas probas estableceranse en referencia aos obxectivos e criterios de avaliación establecidos nos currículos de cada idioma.

As probas correspondentes ao nivel **básico A2 e intermedio B1** serán elaboradas polos correspondentes departamentos didácticos seguindo as pautas establecidas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional na guía de elaboración do nivel correspondente.

As probas correspondentes aos niveis **intermedio B2 e avanzado C1 e C2** serán deseñadas, a partir de tarefas redactadas polos departamentos didácticos das distintas escolas, por unha comisión de validación que a Dirección Xeral de Formación Profesional e Innovación Educativa designará para tal efecto.

A administración, avaliación e cualificación das probas será responsabilidade dos departamentos didácticos.

As guías informativas das probas de certificación de cada nivel poderanse consultar na páxina web da escola, www.eoisantiago.org,

Estrutura e contido

As probas correspondentes ao **nivel básico A2** estruturaránse en catro partes: comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos; e produción, coprodución e mediación escrita.

As probas correspondentes ao **niveis intermedio e avanzado (B1, B2, C1 e C2)** estruturaránse en cinco partes: comprensión de textos orais; produción e coprodución de textos orais; comprensión de textos escritos; produción e coprodución de textos escritos; e mediación.

O alumnado examínase de todas as partes da proba e ningunha delas será considerada eliminatoria para a realización do resto delas.

As probas correspondentes á comprensión de textos orais e comprensión de textos escritos basearíanse en textos auténticos ou adaptados extraídos das diferentes fontes de comunicación oral ou escrita. A tipoloxía das tarefas deberá ser a apropiada para avaliar tanto a comprensión global como a comprensión de aspectos máis particulares de cada un dos textos.

No **nivel A2**, na proba de produción, coprodución e mediación escrita, o alumnado deberá producir textos de diferente tipoloxía e rexistro. A proba de produción, coprodución e mediación oral constará das tarefas necesarias para avaliar tanto o logro da comunicación proposta como a corrección e adecuación fonética e lingüística no uso da lingua, e comprenderá cando menos monólogo sostido e interacción co profesor ou outros aspirantes.

A cualificación da coprodución e mediación escrita e produción, coprodución e mediación oral das probas será realizada por, polo menos, dous membros do departamento correspondente.

Nos **niveis B1, B2, C1 e C2**, na proba de produción e coprodución escrita, o alumnado deberá producir textos de diferente tipoloxía e rexistro. A proba de produción e coprodución oral constará das tarefas necesarias para avaliar tanto o logro da comunicación proposta como a corrección e adecuación fonética e lingüística no uso da lingua, e comprenderá cando menos monólogo sostido e interacción co profesor ou outros aspirantes. A proba de mediación constará de dúas tarefas, unha para avaliar a mediación oral e outra para avaliar a mediación escrita. A tarefa de mediación oral e as tarefas de produción e coprodución de textos orais combinaríanse nunha única proba; do mesmo xeito, a tarefa de mediación escrita combinaríase coas tarefas de produción e coprodución escrita.

A cualificación da produción e coprodución de textos orais; produción e coprodución de textos escritos, e mediación, será realizada por, polo menos, dous membros do departamento correspondente.

Puntuación e cualificación

A puntuación total da proba terminal de certificación do **nivel A2** será de 100 puntos. Cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 15 puntos en cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba.

A puntuación total da proba terminal de certificación para os **niveis B1, B2, C1 e C2** será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 12,5 puntos en cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba e se obteña unha puntuación mínima do 65% no total da proba. O alumnado que non acade o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

En todos os cursos e niveis, a cualificación outorgada ao alumnado será de **apto, non apto** ou **non presentado**, segundo corresponda.

Haberá unha convocatoria extraordinaria da proba de certificación que se realizará no mes de setembro na que o alumnado só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. De non obter a cualificación de **apto** en todas as partes da proba na convocatoria extraordinaria, o alumnado oficial deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as partes da proba.

O alumnado que non obteña a cualificación de **apto** nas probas terminais de certificación dos diferentes niveis poderá solicitar unha certificación académica na que se faga constar, con mención de todas as partes que conforman a proba, que acadou o grao de dominio requirido nas actividades de lingua que avalíen as partes superadas.

CONVOCATORIAS

O alumnado oficial poderá permanecer en cada un dos niveis o dobre de anos establecidos para cada un deles pola lexislación vixente. Logo de esgotadas as convocatorias o alumnado non poderá cursar as ensinanzas en réxime presencial pero poderá inscribirse para realizar as probas terminais de certificación polo réxime libre.

ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

A organización, aplicación e avaliación das probas para a obtención das certificacións por parte do alumnado con necesidades educativas especiais basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Así, na celebración das probas deberanse adaptar, se é o caso, a duración e as condicións de realización delas.

ⁱ Equivalencia de cursos oficiais; A2.2 = A2; B1.2 = B1; B2.2 = B2; C1.2 = C1.